

2º TRABALLO OBRIGATORIO. LINGUA GALEGA E LITERATURA II. 2º BACH. Curso 2019-2020. IES LUCUS

Estes días atrás a polémica xestión do presidente dos EEUU Donald Trump fixo que recordase unha novela de Sinclair Lewis (1885-1951) á que non se lle prestara demasiada atención nos últimos anos. Estou a referirme a *It Can't Happen Here* (Iso non pode pasar aquí), unha fantasía distópica publicada en 1935 que tal semella fose escrita para describir, **premonitoriamente**, a administración do actual presidente. *It Can't Happen Here* describe o ascenso do senador Berzelius 'Buzz' Windrip ata a presidencia dos EEUU, un outsider ao que o seu propio partido non parece tomar en serio, pero que resulta un hábil **orador**, populista, falangueiro e cómico, cun don para saber o que á xente lle encanta oír. Retórico incendiario, Windrip está convencido de que a grandeur da súa nación ten que volver gañarse expulsando do país a xudeus, mortos de fame do leste de Europa e tanto chinés e, levado deste pulo de limpeza étnica, comeza unha guerra contra México, ao que acusa de provocacións inexistentes. Windrip, que coída que os EEUU perderon a súa grandeza por culpa de teren dereitos as mulleres, por darlles tanto poder aos sindicatos de traballadores, por non dedicar a orzamento militar máis recursos e por ter rematado coa escravitude, está convencido de que unha **rexeneración** moral da nación pasa por inverter toda esta situación e vixiar de preto os sindicalistas, **amordazar** a prensa independente e facer calar aos artistas e intelectuais. Como defende a novela, “o poder non precisa de excusas” e “calquera persoa que ten un millón de dólares é superior ao resto”. Non sei se todo o que acabo de describir vos soa, mais estou convencido de que é un bo exemplo de premonición literaria ou, se se prefire, de videncia autorial. Aprendizaxe: tomade nota co que soñades, imaxinades ou escribides, que a vida évos tan rabuda coma sorprendente.

Armando Requeixo en *Galicia Digital* (08/02/2019)

PREGUNTA 1. Producción textual

Redacte un texto explicando **como é posible**, na súa opinión, **que un candidato como Windrip gañase as eleccións presidenciais** sen o apoio do seu propio partido e cun programa como o que defendía. (Extensión aprox. 200-250 palabras) **(2 puntos)**

PREGUNTA 2. Lingua e gramática

2.1. Segmente morfoloxicamente as seguintes palabras do texto e indique o valor de cada morfema: **“premonitoriamente”, “orador”, “rexeneración”, “amordazar”****(1 punto)**

2.2. Localice no texto **catro pronomes de relativo** e indique en cada caso o **antecedente**. **(1 punto)**

PREGUNTA 3. Lingua e sociedade. Desenvolva os seguintes apartados:

3.1. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais, contexto histórico e situación sociolingüística. (Extensión aproximada 200-250 palabras) **(1,5 puntos)**

3.2. O galego, lingua en vías de normalización. (Extensión aprox. 200-250 palabras) **(1.5 puntos)**

PREGUNTA 4. Literatura. Desenvolva os seguintes apartados:

4.1. A poesía das Irmandades da Fala: Características, autores, obras representativas. (Extensión aprox. 400 palabras) **(1 punto)**

4.2. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas. (Extensión aproximada 400 palabras) **(1 punto)**

4.3. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes. (Extensión aproximada 400 palabras) **(1 punto)**